



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa dos Basquiños 9, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfnos e fax: 981-570099
Correo: [adega@adega.gal](mailto:atega@adega.gal)
Páxina electrónica: www.adega.gal

Fins Eirexas Santamaría, D.I. XXXXXX, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), en representación desta entidade,

EXPÓN

1. Que o tramo fluvial do río Miño en Castro Romai (Concello de Lugo) está declarado como Espazo Protexido da Rede Natura 2000 (ZEC) e Espazo Natural Protexido (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, ZEPVN) Parga-Ladra-Támoga (ES1120003), así como se inclúe na Zona Núcleo da Reserva de Biosfera Terras do Miño.
2. Que o 14 de novembro de 2015 comezaban as obras de rehabilitación da minicentral hidroeléctrica da fábrica da luz, e ampliación do caudal de auga do río Miño, na devandita localidade de Castro Romai. Estas obras xeraron unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural protexido, afectando ao estado de conservación de distintos tipos de hábitat de interese comunitario (DC 92/43/CEE), que se corresponden cos códigos 3260, 3270, 6430 e 91E0*, así como as áreas de presenza de diversas especies protexidas a nivel europeo (DC 92/43/CEE), estatal (Lei 42/2007) e autonómico (Lei 9/2001) e Decreto 88/2007, entre as que destacan: *Lutra lutra*, *Nymphoides peltata*, *Isoetes fluitans*, *Unio pictorum*, *Potomida littoralis*, *Margaritifera margaritifera*, *Natrix natrix* e *Gasterosteus aculeatus*.
3. As afeccións detectadas supoñen un incumprimento moi grave da normativa ambiental que rixe neste espazo natural, así como da Resolución do 20 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se formula a Declaración de Impacto Ambiental do devandito proxecto de rehabilitación (BOE nº 189, 8 de agosto de 2012).
4. A devandita Declaración de Impacto Ambiental resulta totalmente inadecuada para levar a cabo unha axeitada avaliación das repercusións que as obras causaron sobre o Espazo Protexido Rede Natura 2000 (ZEC) e Espazo Natural Protexido (ZEPVN) Parga-Ladra-Támoga (ES1120003). Isto débese, entre outros aspectos:
 - Ás graves carencias na identificación dos compoñentes da biodiversidade presente no tramo do curso fluvial afectado polas obras, ninguneando a presenza dos tipos de hábitat de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e das especies de flora e fauna de interese comunitario (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE) e protexidas pola legislación estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 9/2001).
 - Á inexistencia dunha análise axeitada dos impactos ambientais nin tampouco das medidas de corrección e prevención, que garantan a integridade do espazo e o mantemento nun estado de conservación favorable dos tipos de hábitat e das especies de interese para a conservación.

- Como consecuencia da inexistencia dunha axeitada análise de impactos e medidas correctoras, as obras proxectadas causaron unha afección negativa sobre a integridade do espazo e están a perxudicar gravemente ao equilibrio dos sistemas naturais (artigo 325 do Código Penal, Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro), ao estado de conservación dos tipos de hábitat e especies de flora e fauna silvestres (DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CE, Lei 42/2007, Lei Orgánica 10/1995), e tamén ao propio estado ecolóxico da masa de auga (DC 2000/60/CE). Esta situación verase agravada de manterse e continuarse o desenvolvemento das obras previstas.
- O caudal autorizado para aproveitamento (18.000 l/s) resulta totalmente incompatible co mantemento nun estado de conservación favorable dos compoñentes clave da biodiversidade (tipos de hábitat naturais, especies de flora e fauna silvestres) presentes no tramo fluvial, así como co mantemento do estado ecolóxico das augas fluviais (DC 2000/60/CE).
- As medidas de actuación e os condicionantes da execución do proxecto establecidos na Declaración de Impacto Ambiental (Resolución do 20 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Medio Ambiente) vulneran completamente os obxectivos e directrices de conservación deste Espazo Protexido Rede Natura 2000 e Espazo Natural Protexido, establecidos na súa normativa de creación, así como no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014).
- En todo caso, as obras desenvolvidas dende o 14 de novembro de 2015 incumpren gravemente os condicionantes establecidos na Declaración de Impacto Ambiental (Resolución do 20 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Medio Ambiente), posto que foi establecido un dique artificial fóra da zona contemplada na devandita resolución, e as obras estanse a realizar fóra do período contemplado na mesma.

Por todo o anterior, SOLICITA:

1. A paralización inmediata e permanente das obras que están a causar os devanditos efectos negativos sobre o medio ambiente. Así mesmo, demandamos que esta administración inste á CHMS (Confederación Hidrográfica Miño-Sil) á retirada inmediata do dique establecido na canle fluvial, e á recuperación do tramo fluvial afectado.
2. Que por parte desta administración se inste a revisión e anulación da Resolución de 20 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Medio Ambiente.
3. A consideración de que toda autorización que sexa realizada nun futuro neste tramo fluvial, se adecúe aos obxectivos de conservación do espazo natural e dos seus compoñentes, e ás normas reguladoras destes espazos (Plano Director da RN2000, Decreto 37/2014).
4. Ao abeiro Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente e na DC 2003/4/CE e na DC 2003/35/CE, solicitamos copia íntegra en formato dixital dos informes emitidos pola súa Dirección Xeral (tanto dende os Servizos Centrais situados en Santiago de Compostela, como os emitidos polo Servizo Provincial de Conservación de Lugo), en relación co expediente vencellado coa Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de rehabilitación da minicentral hidroeléctrica da fábrica da luz, e ampliación do caudal de auga do río Miño, en Castro Romai (Concello de Lugo).

Compostela, 30 de novembro de 2015

Asinado,

Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SRA. DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**